



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 21 DE ABRIL DE 2025**

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as doce horas e un minuto do día vinte e un de abril de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria e urxente en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

### **Polo grupo municipal de UxC:**

D.<sup>a</sup> MARÍA DOLORES PAN LESTA  
D. DANIEL MALLO CASTRO  
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS  
D.<sup>a</sup> MARÍA CARMEN PAN MATOS  
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO  
D.<sup>a</sup> MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR  
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES

### **Polo grupo municipal do PP:**

D.<sup>a</sup> PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN  
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ  
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

### **Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:**

D. DIEGO ALCANTARILLA REI  
D.<sup>a</sup> MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS  
D.<sup>a</sup> PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY  
D.<sup>a</sup> ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

### **Polo grupo municipal do BNG:**

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ  
D.<sup>a</sup> MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES  
D.<sup>a</sup> NIEVES LOURO LÓPEZ

### **Polo grupo municipal do AV:**

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO  
D. MANUEL CASTRO UZAL

### **Concelleira non adscrita:**

D.<sup>a</sup> MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.



De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal do día 21 de abril de 2025, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202504211001570000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

## **1. PRONUNCIAMENTO DO PLENO RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DO ASUNTO A TRATAR**

**Acceso á videoacta – 00:00:55 horas**

Vista a xustificación da urxencia da convocatoria e do asunto incluído na orde do día, de acordo co sinalado na Resolución da Alcaldía núm. 342/2026, de data 15 de abril, de convocatoria desta sesión.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da sesión e do asunto incluído na orde do día, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a urxencia da sesión e do asunto incluído na orde do día.

## **2. TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA PRESENTADA POR RAMÓN BOGA MOSCOSO AO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE CAMBRE**

**Acceso á videoacta – 00:01:10 horas**

A Presidencia concede o uso da palabra á Sra. secretaria xeral, quen procede a dar lectura á proposta da Alcaldía de data 15 de abril de 2025 (CVD: UQJRX9QhjyoQvmgaVOIB), que transcrita di:

### **«PROPOSTA**

Visto o escrito presentado por Ramón Boga Moscoso en data 15 de abril de 2025 (entrada 202599900002239) no que expón:

#### **«(.../...) EXPOSICIÓN**

- 1.-Que en data 17 de xuño de 2023 tomei posesión do cargo de Concelleiro do Concello de Cambre.
- 2.-Que ao ser funcionario de carreira do Concello de Cambre e concorrer, polo tanto, nunha causa de incompatibilidade a teor do disposto no artigo 178 da Lei Orgánica de Réxime Xeral, en data 19 de xuño de 2023 presentei escrito no que manifestei que optaba polo cargo de Concelleiro e solicitei o pase á situación de servizos especiais como funcionario de carreira.
- 3.-Que é a miña intención reingresar no meu posto de funcionario de carreira do Concello a partires do día 21 de abril de 2025 para o que preciso renunciar á condición de Concelleiro, polo que a medio do presente,

#### **SOLICITUDE**



RENUNCIO á miña condición de Concelleiro do Concello de Cambre.»

Considerando o disposto no artigo 223.4ª da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, segundo o cal:

“Quien ostente la condición de miembro de una Corporación Local perderá su condición de tal por las siguientes causas:

(.../...)

4ª Por renuncia, que se hará efectiva por escrito ante el Pleno de la Corporación.”

Considerando que a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral dispón no seu artigo 182 que no caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun concelleiro, o escano atribuírase ao candidato ou, no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda atendendo á súa orde de colocación.

Vista a Instrucción 1/2025, do 30 de xaneiro de 2025, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais (BOE núm. 31, do 5 de febreiro de 2025), segundo a cal:

“**Primero.**- Sustitución mediante candidatos seguintes o suplentes.

(.../...)

2. La renuncia solo será efectiva –y por tanto irrevocable– en el momento en el que el Pleno del Ayuntamiento tome conocimiento de ella, pudiendo ser retirada dicha renuncia hasta ese momento, conforme a lo declarado por la jurisprudencia constitucional, por lo que no cabe proceder a la sustitución del concejal antes de que dicha renuncia sea efectiva.

(.../...)”

Visto que de acordo coa candidatura de Unión por Cambre (UxC) ás eleccións locais do 28 de maio de 2023, (publicada no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2023), correspondería cubrir a vacante a Mónica Varela Germade, que ocupa o número 11 da lista de candidatos.

Considerando que o artigo 19.1 da citada Lei orgánica no seu apartado 1) dispón que, entre outras competencias, corresponde á Xunta Electoral Central expedir as credencias aos/ás concelleiros/as no caso de renuncia, unha vez rematado o mandato das xuntas electorais provinciais ou de zona.

Por todo isto, **PROPONSE:**

**Primeiro.**- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado por Ramón Boga Moscoso ao cargo de concelleiro do Concello de Cambre.

**Segundo.**- Comunicar esta circunstancia á Xunta Electoral Central, propoñendo que se expida credencial a prol de Mónica Varela Germade, membro integrante da candidatura de Unión por Cambre presentada nas eleccións celebradas o 28 de maio de 2023 co número 11, ou no caso de renuncia dela ou dalgún do/s candidato/s seguintes da lista, a quen corresponda atendendo á súa orde de colocación.

**Terceiro.**- Remitir á Xunta Electoral Central copia do escrito de renuncia presentado por Ramón Boga Moscoso.»

Aberta a quenda de intervencións, interveñen a concelleira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela



Fraguío, a alcaldesa, Sra. Pan Lesta, e o concelleiro do BNG, Sr. Boga Moscoso.

*(Cando son as doce horas e quince minutos abandona a sesión o Sr. Boga Moscoso.)*

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 15 de abril de 2025, que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 15 de abril de 2025 (CVD: UQJRX9QhjyoQvmgaVOIB), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e dezaseis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe  
A presidenta  
*(Asinada dixitalmente)*  
Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral  
*(Asinada dixitalmente)*  
Pilar María Pastor Novo